



FASE DE OPOSICIÓN - SEGUNDO EJERCICIO PROBA PRÁCTICA

DATA: 03/04/2025

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de OFICIAL TRACTORISTA incluídas en la OEP 2022 Ordinaria del Concello de Carballo.

FASE DE OPOSICIÓN - SEGUNDO EJERCICIO. PROBA PRÁCTICA

VALORACIÓN. Ata un máximo de 60 puntos.

O seguinte exercicio consiste nunha proba práctica que se valorará do seguinte xeito:

- a) Ata 30 puntos: a calidade das actividades desenroladas, de acordo cos estándares da práctica laboral.
- b) Ata 20 puntos: a soltura e pericia das persoas aspirantes no desenrolo das mesmas, así como, no uso dos equipos, maquinaria, útiles, ferramentas e instrumentos que poideran resultar necesarios.
- c) Ata 10 puntos: o correcto emprego de técnicas e medidas de protección e seguridade, tanto propias como aplicables as persoas usuarias.

EXERCICIO PRÁCTICO

O exame consistirá na **realización de tres casos prácticos** que permitan o tribunal coñecer coa maior precisión posible as habilidades prácticas dos aspirantes. Para elo, os aspirantes cando estean en contacto cos membros do tribunal, deberán describir o que fan coa maior precisión posible, de modo que poidan ser avaliados da mellor maneira posible.

1ª Proba (5 puntos)

A primeira proba consistirá na montaxe e desmontase dun disco multidentes para matogueira e arbustos cunha rozadoira de man, e una vez montado o disco, prendela e apagala, nun tempo máximo de 2 minutos.

2ª Proba (15 puntos)

A segunda proba consistirá na simulación de montaxe e desmontase da rozadoira de arrastre, do tractor municipal, nun tempo máximo de 2 minutos.

O aspirante deberá indicar, describir e simular a realización das manobras necesarias para desmontar a rozadoira de arrastre da marca TMC Cancela propiedade do Concello, que se encontrará conectada o tractor municipal da marca Landini en posición levantada.

Acender, levantar e baixar a rozadoira.

3ª Proba (40 puntos)

A terceira proba consistirá na realización dunha proba práctica, en situación real. Simularase que o traballador chega a primeira hora da mañá para comezar a súa xornada co tractor New Holland equipado coa rozadoira de brazo Kunh, e logo desprazarase ao lugar de traballo, na que os aspirantes deberán realizar tres pasadas de rozar, unha horizontal e dúas verticais, nun tramo de 25 m, nun tempo máximo de 9 minutos.